

**ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS (2 CLASIFICACIÓN) DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR (AGRÓN). POS COMPLEMENTARIO 2017.**

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas e corenta minutos do día 28 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR (AGRÓN)**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria, a indicacións do presidente da Mesa, informa que na reunión da mesa de contratación, de data 8 de maio de 2018, procedeuse á apertura dos sobres "C" que contiñan as ofertas económicas das empresas que se presentaron á licitación. Segundo consta na acta levantada ó efecto despois do estudo da documentación presentada polas empresas licitadoras, a mesa de contratación adoptou, por unanimidade dos membros presentes, os seguintes acordos:

Primeiro.- Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa Construcciones Iglesias Mera SL por exceder a porcentaxe que ten previsto subcontratar, xa que ascende ó 35,13%, excedendo o importe máximo permitido nos pregos de contratación que é do 30%).

Segundo.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras das camiño principal en Sandar (Agrón) á empresa **Excavaciones Cernadas Valiñas SL** con CIF B-15122104 no prezo de trinta e seis mil cento once euros e dezaseis céntimos (**36.111,16.- Euros**), máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de sete mil cincocentos oitenta e tres euros e trinta e catro céntimos (**7.583,34.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

Ditos acordos foron aprobados en Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 24 de maio de 2018. O acordo da Xunta de Goberno Local foille notificado a todos os licitadores que foron admitidos na licitación. Ó clasificado en primeiro lugar, Excavaciones Cernadas Valiñas SL concedeuselle un prazo de dez días hábiles para presentar toda a documentación que era necesaria para proceder a adxudicación das obras camiño principal en Sandar (Agrón).

Transcorrido o tempo concedido á empresa clasificada en primeiro lugar, Excavaciones Cernadas Valiñas SL, e comprobado o rexistro xeral de entrada deste Concello, non consta que presentara a documentación requirida no prazo conferido, e necesario para poder proceder á adxudicación da obra.

Á vista dos feitos, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Trasladar ó órgano de contratación a exclusión da empresa Excavaciones Cernadas Valiñas SL por non presentar a documentación requirida para a adxudicación das obras camiño principal en Sandar (Agrón).

A continuación, a mesa de contratación, procede a realizar unha nova clasificación de empresas resultando o seguinte:

	Empresa	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
15	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	43.942,77	40,58
12	SYR-AMG SLU	44.036,62	40,41
17	GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	44.298,27	39,97
19	HERMANOS COUTO FANDIÑO SL	44.385,62	39,82
20	EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS SL	44.721,12	39,24
21	EXCAVACIONES OVIDIO SL	45.056,60	38,67
3	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	45.620,23	37,71
13	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	45.980,00	37,09
10	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	47.780,79	34,01
9	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	48.243,78	33,22
8	SONDEOS PORZUNA SL	48.384,69	32,98
2	EXCAVACIONES POSE SL	48.400,00	32,95
14	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	48.420,00	32,92
18	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	49.001,99	31,93
5	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	49.102,64	31,75
16	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	51.316,89	27,97
11	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	51.872,70	27,02
1	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	52.068,39	26,68
6	NEMESIO ORDÓÑEZ SA	58.858,76	15,08
22	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL (MARCONSA SL)	60.505,47	12,27

Á vista das puntuación obtidas a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Trasladar ó órgano de contratación a exclusión da empresa Excavaciones Cernadas Valiñas SL por non presentar a documentación requirida para a adxudicación das obras camiño principal en Sandar (Agrón).

**Segundo.-** Trasladar ó órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras das camiño principal en Sandar (Agrón) á empresa **Excavaciones Y Obras Melchor SL** con CIF B-70336482 no prezo de trinta e seis mil trescentos dezaseis euros e trinta e catro céntimos (**36.316,34.- Euros**), máis o I.V.E. correspondente que ascende á cantidade de sete mil seiscentos vinte e seis euros e corenta e tres céntimos (**7.626,43.- €**), así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.